



A APDR SOLICITA SER PARTE INTERESADA NO EXPEDIENTE ABERTO POR AUGAS DE GALICIA POLAS FILTRACIÓNS DE VERTIDOS Á RÍA DESDE A ESCOLLERA DE LOURIZÁN

Como resultado dunha dilixencia de inspección practicada pola Xunta de Galicia ás instalacións da empresa ENCE o pasado 9 de setembro de 2013 (código de inspección DS-MNC-090913-A4) por mor da -en palabras textuais recollidas da citada dilixencia- “detección de filtracións de vertido de augas residuais na zona de escollera perimetral da Ría de Pontevedra, no paseo de Lourizán, en data 09/09/2013 (código de inspección DS-MNC-090913-A4)”, Augas de Galicia ten aberto un expediente para determinar as responsabilidades polas referidas filtracións.

De acordo coas observacións apuntadas polo Garda Fluvial que representou á Administración autonómica na inspección realizada á empresa ENCE o día 12/09/13 (clave de expediente DH-V36-6528), no interior das instalacións da empresa ENCE existen dúas balsas naturais que forman parte do sistema de evacuación do efluente tratado das ARI, balsas que non están impermeabilizadas.

Como queira que a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta, en resposta ao escrito de petición de información da APDR sobre a responsabilidade dos vertidos de ENCE nas citadas filtracións, confirmou a apertura do expediente, un expediente que continua o seu curso polo que –de acordo co establecido no artigo 37.1 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común- non é posíbel que se nos envíe a documentación solicitada.

Por esta razón, e tendo en conta que a APDR ten entre os seus obxectivos o saneamento e a recuperación da calidade das augas da Ría de Pontevedra e, xa que logo, a loita contra os vertidos que provocan a súa contaminación, solicitamos agora que se nos considere como PARTE INTERESADA no citado expediente e se nos facilite toda a documentación relativa ao mesmo.

Pontevedra 20 de abril de 2014

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR